



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2019/11

SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DA CORPORACIÓN

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
SÁBADO 15 DE XUÑO DE 2019

No día de hoxe, ás **12:00 horas**, baixo a presidencia da Mesa de Idade, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN CONSTITUTIVA** do Pleno da Corporación.

ASISTEN:

PP

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS
RAMON MARTINEZ RIAL
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN FIGUEROA PÉREZ
YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO
JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

PSdG-PSOE

JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO
BEATRIZ GONZALEZ BARGO
IVAN BERMUDEZ CASTRO

BNG

ÁNGEL MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

Ningunha

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

A Secretaria-Interventora toma a palabra para dicir:

“Bo día a todos e todas. Estamos aquí reunidos, en virtude da convocatoria efectuada pola alcaldesa en funcións de data de 7 de xuño de 2019, para proceder á SESIÓN CONSTITUTIVA da CORPORACIÓN MUNICIPAL DE LOUSAME do mandato 2019-2023.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O artigo 195 da LOREG (Lei de Réxime Electoral Xeral, Lei 5/1985, de 19 de xuño) e o artigo 37 do ROF (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro) determinan que os novos Concellos serán constituídos o vixésimo día posterior á celebración das eleccións. É dicir, no presente ano, a constitución da nova Corporación de Lousame debe levarse a cabo o día de hoxe, o 15 de xuño de 2019.

De conformidade coa ACTA DE PROCLAMACIÓN DE ELECTOS, de data de 31 de maio de 2019, remitida pola XUNTA ELECTORAL DE ZONA de NOIA, vaise dar lectura do número de votos obtidos por cada candidatura e lista de proclamación de candidatos electos.

Número de votos obtidos por cada candidatura:

- Partido Popular: 1.102 votos e 7 concelleiros electos
- Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE: 589 votos e 3 concelleiros electos
- Bloque Nacionalista Galego: 206 votos e 1 concelleiro electo
- Partido da Terra de Lousame: 96 votos e 0 concelleiros electos.

As persoas candidatas proclamadas electas pola XEZ de Noia son as seguintes:

Nº	CONCELLEIRO/A ELECTO/A	CANDIDATURA
1	María Teresa Villaverde Pais	Partido Popular
2	Ramón Manuel Martínez Rial	Partido Popular
3	Silvia Agrafojo Filgueira	Partido Popular
4	Ramón Figueroa Pérez	Partido Popular
5	Yésica Fernández Miguéns	Partido Popular
6	José Antonio Ces Barreiro	Partido Popular
7	Jesús Martínez Castro	Partido Popular
8	Julio Manuel Daniel Paradela Busto	PSdG-PSOE
9	Beatriz González Bargo	PSdG-PSOE
10	Iván Bermúdez Castro	PSdG-PSOE
11	Ángel Moledo Carreño	BNG

2

De seguido procederase de conformidade coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

- 1 Constitución da Mesa de Idade.
- 2 Comprobación de credenciais, declaracións de actividades, bens e intereses e declaración da constitución da Corporación.
- 3 Toma de posesión dos concelleiros/as.
- 4 Elección da Alcaldía-Presidencia
- 5 Toma de posesión do Alcalde/sa

1) CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

A Secretaria-Interventora explica que segundo o artigo 195 da LOREG e o artigo 37 do ROF debe procederse á constitución da **MESA DE IDADE**, que estará integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no Acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Examinada a data de nacemento dos concelleiros electos, a Mesa de Idade estará formada por:

- 1 Don José Antonio Ces Barreiro (Presidente da Mesa de Idade)
- 2 Don Jesús Martínez Castro (Vogal da Mesa de Idade)
- 3 A Secretaria da Corporación: Paula Ares Otero

A Secretaria-Interventora prega aos dous concelleiros electos que pasen a presidir a Sesión Constitutiva.

D. José Antonio Ces Barreiro e D. Jesús Martínez Castro pasan a presidir a sesión plenaria, xunto coa Secretaria da Corporación.

A Secretaria-Interventora proclama que “queda formalmente constituída a Mesa de Idade”.

2) COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS, DECLARACIÓN DE ACTIVIDADES, BENS E INTERESES E DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

A secretaria-interventora explica que a Mesa de Idade debe:

Primeiro: Comprobar as credenciais presentadas con base á certificación que ao Concello remitira a Xunta Electoral de Zona.

Segundo: Comprobar que os concelleiros electos presentaron, tal e como ordena o artigo 75.7 da LRRL e artigo 31.2 do ROF, a declaración de actividades, bens, intereses e liquidacións dos impostos sobre a renda, patrimonio e sociedades

Terceiro: Comprobar se concorren á Sesión Constitutiva a maioría absoluta dos concelleiros electos; acadándose dita maioría absoluta se están presentes a metade máis un do número legal de membros da Corporación; isto é, se están presentes seis concelleiros.

A Mesa de Idade procede a comprobar materialmente o cumprimento dos tres requisitos anteriores.

Efectuada a dita comprobación, o Presidente da Mesa de Idade, D. José Antonio Ces Barreiro proclama:

“Comprobadas as credenciais presentadas e cumpríndose o quórum requirido, declárase constituída a Corporación Municipal de Lousame do mandato 2019-2023”

A continuación, a Secretaria-Interventora informa á Corporación do seguinte:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

“O artigo 36 do ROF establece que os Secretarios e Interventores deberán tomar as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais se efectúe un arqueo e estén preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores da Corporación depositados na caixa municipal ou en entidades bancarias; así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismo autónomos se existisen.

En relación ao arqueo extraordinario consta no expediente da sesión constitutiva a documentación oportuna; en canto á documentación relativa ao inventario a Secretaría informa que no Concello de Lousame é materialmente imposible cumprir axeitadamente esta obriga por canto non existe un Inventario de Bens actualizado comprensivo da totalidade dos bens demaniais, patrimoniais, mobles e inmobles da Corporación Municipal. O que se deixa constancia para coñecemento dos concelleiros electos”.

3) TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELLEIROS/AS

A Secretaria-Interventora sinala que de conformidade co artigo 108.8 da LOREG para que os concelleiros poidan adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución.

En primeiro lugar, os membros da Mesa de Idade prestarán xuramento ou promesa, comezando polo de maior idade.

A continuación a Mesa de Idade procederá ao chamamento dos concelleiros electos, por orde de maior a menor número de concelleiros obtidos por cada candidatura e polo número de orde de cada concelleiro dentro de cada unha das listas.

O xuramento ou promesa realizarase no lugar reservado ao efecto no Salón de Plenos. O membro de maior idade da Mesa irá nomeando a tódolos concelleiros segundo a orde descrita anteriormente. Os concelleiros, levantándose no seu escano e acudindo ao lugar reservado, efectuarán o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución.

A continuación, procédese ao xuramento ou promesa dos membros da Mesa de Idade. O Concelleiro de maior idade primeiro e o de menor idade despois, acuden ao lugar reservado para formular o acatamento á Constitución, do seguinte xeito:

— Don José Antonio Ces Barreiro:

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

— Don Jesús Martínez Castro:

“Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D. José Antonio Ces Barreiro, efectúa o chamamento dos restantes concelleiros segundo a orde antes descrita, co seguinte resultado:

— D^a M^a Teresa Villaverde Pais

“Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleira e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

— D. Ramón Manuel Martínez Rial

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

— D^a Silvia Agrafojo Filgueira

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleira e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

— D. Ramón Figueroa Pérez

“Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

— D^a Yésica Fernández Miguéns

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleira e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

— D. Julio Manuel Daniel Paradela Busto

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

— D^a Beatriz González Bargo

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleira e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

— D. Iván Bermúdez Castro

5





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

“Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

— D. Ángel Moledo Carreño

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente por imperativo legal coas obrigas do cargo de concelleiro e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado; e comprométome a defender os intereses da veciñanza de Lousame e do pobo galego e a seguir coa causa nacionalista”

4) ELECCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A Secretaria-Interventora sinala que a continuación hai que proceder á elección da Alcaldía-Presidencia de acordo co procedemento establecido no artigo 196 da LOREG, que en resumo é o seguinte:

1) Poden ser candidatos a Alcalde tódolos concelleiros que encabecen as candidaturas representadas na Corporación.

No caso de Lousame, poden ser candidatos á Alcaldía:

- 1 D^a. M^a Teresa Villaverde Pais.
- 2 D. Julio Manuel Daniel Paradela Busto.
- 3 D. Ángel Moledo Carreño

2) Realizada a votación o candidato que obteña a maioría absoluta (isto é, seis votos) será proclamado ALCALDE ou ALCALDESA.

3) Se ningún candidato obtivese a maioría absoluta, será proclamado Alcalde o candidato que encabece a lista que obtivese o maior número de votos populares, de acordo coa Acta de Proclamación de Electos remitida pola Xunta Electoral de Zona. No caso de empate, resolveríase por sorteo.

No Concello de Lousame, se ningún candidato obtivese a maioría absoluta será proclamada Alcaldesa-Presidenta, Dona M^a Teresa Villaverde Pais, por encabezar a lista que obtivo maior número de votos populares, a lista do PARTIDO POPULAR (con 1.102 votos)

4) En canto á forma en que debe realizarse a votación, hai que estar ao disposto nos artigos 46.2 da LRBRL e 102 do ROF, isto é, votación ordinaria (a man alzada), votación nominal (chamamento por orde alfabética e no último lugar a Presidencia) ou votación segreda (en urna). A regra xeral é a votación ordinaria, salvo que o Pleno acorde a votación nominal ou a segreda.

D. José Antonio Ces Barreiro pregunta aos concelleiros electos: *“Aplícase a votación ordinaria (a man alzada) ou alguén propón a votación segreda ou nominal?”*

Os concelleiros electos manifestan que se decantan pola votación ordinaria (a man alzada).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Secretaria-Interventora explica que unha vez decidido o tipo de votación, a Mesa de Idade debe preguntar aos tres concelleiros que encabezan as candidaturas representadas na Corporación se van aspirar ou non a ser Alcalde-Presidente.

D. José Antonio Ces Barreiro, pregunta a cada un dos candidatos, obtendo a seguinte resposta de cada un deles:

1. *“Dona María Teresa Villaverde Pais, aspira a ser Alcaldesa?”*

D^a M^a Teresa Villaverde Pais responde: *“Si, aspiro”*

2. *“Don Julio Manuel Daniel Paradela Busto, aspira a ser Alcalde?”*

D. Julio M. D. Paradela Busto responde: *“Si”*

3. *“Don Ángel Moledo Carreño, aspira a ser Alcalde?”*

D. Ángel Moledo Carreño responde: *“Si”*

Unha vez coñecidos os concelleiros que aspiran a ocupar a Alcaldía, a Secretaria-Interventora explica que é preciso proceder á votación entre os tres candidatos á Alcaldía, que son:

- D^a María Teresa Villaverde Pais
- D. Julio Manuel Daniel Paradela Busto
- D. Ángel Moledo Carreño

7

A Secretaria-Interventora sinala que para a votación das candidaturas vaise seguir a orde de menor a maior número de concelleiros obtidos por cada candidatura que presenta candidato á Alcaldía, polo que a orde da votación é a seguinte:

1. BNG – Ángel Moledo Carreño.
2. PSdG-PSOE – Julio Manuel Daniel Paradela Busto.
3. PP – María Teresa Villaverde Pais.

Don José Antonio Ces Barreiro toma a palabra e pregunta a todos os presentes:

1. *“Votos para a candidatura de Ángel Moledo Carreño”*

Resultado: 1 voto (emitido polo concelleiro do BNG)

2. *“Votos para a candidatura de Julio Manuel Daniel Paradela Busto”*

Resultado: 3 votos (emitidos polos concelleiros do PSdG-PSOE)





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. "Votos para a candidatura de María Teresa Villaverde Pais"

Resultado: 7 votos (emitidos polos concelleiros do PP)

Realizado o escrutinio pola Mesa de Idade, a Secretaria-Interventora proclama:

"Posto que María Teresa Villaverde Pais obtivo a maioría absoluta dos votos, queda proclamada Alcaldesa do Concello de Lousame"

5) TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE/SA

A Secretaria-Interventora sinala que de conformidade co artigo 108.8 da LOREG e 40.2 do ROF, o Alcalde debe tomar posesión ante o Pleno da Corporación, xurando ou prometendo acatamento á Constitución.

A Alcaldesa electa levántase para acudir ao lugar reservado no Salón de Plenos, toma posesión do cargo de Alcaldesa e formula o acatamento á Constitución Española do seguinte xeito:

"Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Alcaldesa e gardar e facer gardar a Constitución como normal fundamental do Estado"

D. José Antonio Ces Barreiro, Presidente da Mesa de Idade, faille entrega á Alcaldesa do bastón de mando. 8

A Alcaldesa, D^a M^a Teresa Villaverde Pais, pasa a presidir a Sesións Constitutiva. Unha vez toma asento, ofrece o seu discurso de toma de posesión, no seguinte senso:

<<Queridos veciños e veciñas de Lousame, compañeiros e compañeiras de Corporación, amigos e amigas desexo iniciar o meu discurso de toma de posesión compartindo con vós a emoción de ser elixida de novo Alcaldesa. Sinto unha mestura de profundo agradecemento, satisfacción e enorme responsabilidade.

Agradecemento a todas as persoas que confiaron en min e no meu equipo, no noso traballo e nas propostas de futuro. A todos os membros do meu partido que fixeron posible que hoxe me atope aquí, aos meus pais, ao meu marido, aos meus fillos, a miñas irmás e a todas as persoas que me queren. Todo o que hoxe sinto quero compartilo con eles.

Recoñecemento sincero aos meus predecesores na Alcaldía polo traballo e dedicación prestados a Lousame, igual que a todos os concelleiros e concelleiras que así o fixeron.

Parabéns a todos os concelleiros/as da Corporación que hoxe se constitúe. Todos temos encomendada unha tarefa importante: traballar sen descanso por o futuro do noso concello, das súas xentes. A confianza depositada en nós non pode ser traizoada.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Conto tamén, como Alcaldesa, co eficaz e comprometido labor dos traballadores públicos deste concello, aos que agradezo tanto o seu traballo no pasado como o que realizarán nos vindeiros catro anos, porque soamente a súa responsabilidade laboral é o garante de conservar e facer medrar os servizos públicos que todos disfrutamos.

Acabo de xurar que vou gobernar cada día destes catro anos con lealdade absoluta cara o pobo de Lousame. Cos meus acertos e os meus erros primará sempre, por riba de ideoloxías políticas, o interese xeral de todos os lousamiáns e lousamiás.

No meu discurso como alcaldesa quero establecer pontes que axuden a romper calquera diferenza partidaria. Cando falamos de Lousame e dos seus veciños e veciñas é máis o que nos une, ou debería ser máis o que nos une, que o que nos separa. Polo tanto, señores e señoras concelleiros, dende aquí pídolles a mesma lealdade que lles ofrezco. E non cara a miña persoa, senón cara o pobo de Lousame. Sempre que o fagan, atoparán a miña man tendida.

A cidadanía deunos a maioría para formar un Goberno estable, pero son unha convencida da importancia de que existan consensos básicos, así como o debate político baseado na lealdade e libre de demagogia partidista. Así que dende hoxe anímolles a que todos xuntos sumemos, polo ben do noso concello. E tamén lles pido, porque é a miña obriga, que exerzan a súa labor de oposición.

Señores concelleiros e señoras concelleiras, temos que grabar nas nosas mentes que vimos solucionar problemas, non vimos para crealos. Lousame elixiunos a todos nós para dar resposta ás súas inquietudes e demandas, para facer realidade o concello que queren e o faremos escoitando a todos e todas, estando ao lado das persoas.

O bastón de mando que hoxe recollo quero compartilo con toda a veciñanza de Lousame. Eles e elas serán os que marquen os meus pasos como alcaldesa e os de toda a Corporación.

Moitas grazas a todos e bos días.>>

Finalizado o seu discurso, a Alcaldesa ofrece unha queda de palabra a cada cabeza de lista das outras dúas candidaturas.

D. Julio Manuel Daniel Paradela Busto declina efectuar o uso da palabra.

D. Ángel Moledo Carreño toma a palabra e sinala:

<<Comentar que dende o BNG de Lousame imos facer unha oposición forte, unha oposición onde se primarán os intereses dos veciños. Sabes como é a miña forma de actuar. Sabes quen foi a miña mestra política, que por desgraza non está hoxe aquí acompañándonos. Todo o meu recoñecemento para ela porque foi quen me ensinou todo o que sei a día de hoxe. Quero agradecerlle públicamente a ela todo o que lle ensinou para poder estar hoxe aquí. Dende o BNG de Lousame si que collemos a man para tender esas pontes, pero tamén che digo que vimos ao Concello a facer unha





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

oposición fiscalizadora pero unha oposición tamén intentando chegar a cousas conxuntas para que gañen os veciños>>

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás doce horas e vinte e un minutos (12:21 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

A SECRETARIA-INTERVENTORA

María Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

